



CENTRO OCUPACIONAL

Reitoral de S. Tomé de Sorribas - 15980 Rois (A Coruña)

T. 981 817 202 / 669 051 747

amipa@asociacionamipa.gal

asociacionamipa.gal

MEMORIA 2021



Asociación AMIPA

*Saír, observar, sentir, escoitar... Experimentando novas paisaxes no
acompañamento ás persoas con discapacidade intelectual*



ÍNDICE

Datos identificativos

1. Introducción
2. Contextualización
3. Recursos persoais
4. Horarios
5. Subvencións e axudas
6. Coordinación con outras entidades
7. Programas e servizos desenvoltos ao longo do ano 2021



DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR**
- Identificación fiscal: G-15611536
- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)
- Enderezo: REITORAL DE SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)
- Teléfono: 981 817 202
- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.
- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).
- Enderezo electrónico: amipa@asociacionamipa.gal
- Páxina web: www.asociacionamipa.gal



1. INTRODUCCIÓN

O 2021 foi un ano de cambios e reorganización na nosa asociación, marcado polas medidas preventivas para combater a situación de pandemia vivida nestes últimos anos, ás cales nos tivemos que acoller.

Este documento recolle unha análise descritiva do traballo realizado ao longo do ano 2021 pola Asociación AMIPA dende o noso centro ocupacional de Sorribas, único centro co que conta esta asociación ata o momento.

En primeiro lugar, faise unha contextualización da asociación referente ao seu ámbito de actuación, características da tipoloxía de centro co que conta a asociación, número de persoas atendidas, a utilización dun novo modelo de atención ás persoas, ... En segundo lugar, recóllese a relación de recursos persoais. Posteriormente, en terceiro lugar, os horarios de funcionamento do centro así como dos servizos complementarios e privados do mesmo. Tamén se detallan todas aquelas subvencións e axudas recibidas ao longo deste ano 2021 e a coordinación con outras entidades. En último lugar, recóllense todas aquelas actividades relativas a programas e servizos que se desenvolveron no centro ó longo do ano.

Na elaboración deste documento participaron directa e indirectamente as persoas con discapacidade intelectual (en adiante, PcDI), as familias, as persoas voluntarias, o equipo de profesionais e os membros da nosa comunidade de referencia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O ámbito territorial de actuación prioritaria da Asociación AMIPA é a Comarca do Sar, formada polos municipios de Dodro, Padrón e Rois. A Comarca ten un censo de 15.520 habitantes, 8.060 mulleres e 7.460 homes (Instituto Galego de Estatística, datos 2021). Dende o ano 2017, AMIPA presta servizos a 1 persoa do Concello de Brión e 2 persoas do Concello de Teo. Dende o ano 2021, presta tamén servizos a 1 persoa de Santiago de Compostela.

AMIPA xestiona o Centro Ocupacional de Sorribas que segue a ser o único recurso de referencia especializado na atención a persoas con discapacidade intelectual situado na devandita comarca. Este servizo de atención diúrna conta con 24 prazas autorizadas, 20 delas públicas, con carácter xeral para PcDI con necesidades de apoio límite e intermitente, con idades de ingreso comprendidas entre os 18 e 59 anos.

O centro ocupacional é un recurso para a atención ás PcDI e a promoción do seu desenvolvemento persoal e autonomía funcional, a través de procesos de formación



individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.

No ano 2021, AMIPA prestou servizos a 24 persoas con discapacidade intelectual, 13 mulleres e 11 homes, de idades comprendidas entre os 21 e os 67 anos, e aos membros das súas unidades de convivencia.

No mes de setembro, retomamos o traballar de maneira íntegra segundo o Modelo ACP (Atención Centrada na Persoa). Cada profesional de apoio desenvolveu con cada unha das persoas de referencia o PAI (Plan de Atención Individualizada) destas últimas, no cal se recollen aquelas aspectos susceptibles de intervención que teñen que ver coa persoa, e os obxectivos e actuacións que se levarán a cabo para acadar os mesmos. Na consecución destes obxectivos participará tanto a propia persoa como o equipo multidisciplinar ou a familia da persoa, de ser o caso.

3. RECURSOS PERSOAIS

As persoas que participan no desenvolvemento do Proxecto da AMIPA na Comarca do Sar, son:

- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por seis persoas: catro mulleres e dous homes. En novembro de 2021 elixiuse a Xunta Directiva do período 2021-2025.
- 24 persoas con discapacidade intelectual, participantes diarios no Programa desenvolto por AMIPA.
- 25 socios/as de número.
- 34 socios/as colaboradores/ras.
- Persoas voluntarias e colaboradoras.

En canto a profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2021, son os seguintes:

- 1 Directora-xerente (35 horas semanais)
- 1 Coordinadora (20 horas semanais), dende xullo de 2021, e Educadora-monitora (10 horas semanais)
- 1 Psicopedagoga (10 horas semanais) e Educadora-monitora (28,5 horas semanais).
- 1 Terapeuta Ocupacional (38,5 horas semanais)
- 1 Educadora-monitora (38,5 horas semanais,



- 1 Cociñeira con funcións de limpeza (38,5 horas semanais)
- 1 Persoal de limpeza (2 horas semanais), dende setembro de 2021

Persoal cedido polos Concellos de Padrón e Rois:

- 1 Educadora familiar, Técnica do Concello de Rois (2 días á semana, 3 horas cada día)
- 1 Coordinadora da Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón (1 día á semana, 1 hora)
- 2 Monitores Deportivos dos concellos de Padrón e Rois (2 días á semana, 1 hora cada día)

Ademais, acollemos a 2 persoas en prácticas en colaboración cos centros educativos do IES Félix Muriel, de Rianxo, Ciclo de Atención a persoas en situación de Dependencia (entre 8 de abril e 17 de xuño), e CPR Castelao de A Coruña, Ciclo de Integración Social (do 6 de abril ao 11 de xuño)

As **accións formativas realizadas** polo persoal de AMIPA, organizadas polo propio centro e por entidades públicas e privadas especializadas, foron as seguintes:

- Programa para o desenvolvemento do liderado en persoas con responsabilidades de dirección ou coordinación en organizacións “Virada”. V Edición. Algalia e Fundación EDE. Marzo a xuño de 2021. 64 horas.
- Cultivémonos en tempos de crisis. Escola de Daño Cerebral virtual. Febreiro 2021, 1,5 horas. On line.
- Comunidade de aprendizaxe sobre Participación Social das Persoas con Discapacidade Intelectual, dinamizada por Iago Menduiña. Febreiro 2021, 4 horas. On line.
- Autoformación: Ética para valientes: Dignificando los apoyos. Plena Inclusión. Marzo 2021, 6 horas. On line.
- Prevención e Seguridade Laboral fronte á COVID-19, Recursos Galicia. Abril 2021, 3 horas, online.
- “La vergüenza, el orgullo y la vulnerabilidad en la vida de la organización”, Emaná Formación. Xuño de 2021. 12 horas, on line.
- Desarrollar Habilidades para el Bienestar. Resiliencia frente a las Adversidades. Universidade de Burgos. Xullo 2021. 30 horas, on line.



- Curso de Iniciación en “MINDFULNESS, PROGRAMA OFICIAL MBLC”, impartido polo Centro Especializado Karuna, del 29 de setembro a 1 de decembro 2021, 20 horas de formación.

4. HORARIOS

- **Horario xeral:** O horario de atención ás persoas con discapacidade intelectual no Centro Ocupacional tivo que ser adaptado ás necesidades derivadas da COVID-19, reducíndose nunha hora diaria, para reforzo de limpeza e desinfección das instalacións por persoal propio. O horario habitual de permanencia no Centro Ocupacional foi de 10:30 horas a 16:30 horas, de luns a venres, podéndose ampliarse puntualmente por motivos relacionados coas actividades dos programas.

O centro ocupacional permaneceu pechado por vacacións estivais ao longo do mes de agosto. Os períodos de vacacións coincidiron cos do calendario escolar, Nadal e Semana Santa.

- **Horario ocupacional:** Os talleres ocupacionais funcionaron en horario de mañá, de 11:00h a 14:00h (cun descanso de 12:15h a 12:45h), e en horario de tarde, de 15:00h a 16:30h.
- **Horarios dos programas:** Os programas desenvolvéronse en paralelo á actividade laboral, cunha franxa horaria de 10:30h a 14:00h e de 15:00h a 16:30h.
- **Horario de servizos complementarios:** Os servizos complementarios do Centro Ocupacional desenvolvéronse de luns a venres, dentro do horario xeral do centro ocupacional, agás o servizo de transporte que se desenvolveu en horario de 9:45h a 10:25h e de 16:30h a 17:30h. O xantar tivo lugar de 14:00h a 15:00h, con períodos nos cales se tivo que adaptar debido á situación derivada da Covid-19 pola cal se tiveron que realizar tres quendas de xantar: De 13:00h a 13:45h, de 13:45h a 14:30h e de 14:30h a 15:15h, non interferindo no desenvolvemento habitual das actividades, o cal se adaptou á situación cambiante para manter a normalidade.

5. SUBVENCIONES E AXUDAS

Como nos últimos 12 anos, unha parte importante das actividades e programas que AMIPA desenvolve para dinamizar os procesos de promoción integral das persoas con



discapacidade dependeron do **financiamento público**: Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Dodro, Padrón e Rois.

A entidade considera a necesidade de procurar/incrementar novas fontes de financiamento, de explorar novos recursos e de iniciar vieiros de autoxestión sostible para crear alternativas aos modelos económicos, como son por exemplo a venda de produtos ecolóxicos e artesanais, a prestación de servizos a empresas da comarca e a busca de novos/as socios/as colaboradores/as (aínda tratándose de modelos de financiamento moito menos estables, e contía inferior aos públicos que dotan de maior estabilidade, e que cómpre desenvolver nos vindeiros anos).

Contrato de prestación de servizo público:

- **Xunta de Galicia:** O contrato asinado coa Consellería de Traballo e Benestar (actual Consellería de Política Social) con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de 20 prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na 11ª prórroga do contrato (do 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2021), o importe total facturado foi de **125.122,28€** que corresponde, á prestación do servizo de atención diúrna e á prestación do servizo de transporte. De xaneiro a agosto, 2 persoas tiveron reserva de praza por mor do seu proceso de desescalada derivada na situación COVID19, feito que impacta de xeito negativo na facturación mencionada anteriormente e que ten que asumir a asociación.

Subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos e privados:

- **Xunta de Galicia:** O **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)**, axencia, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria: **3.200,00 €** Programa axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á COVID19 2021 (Programa de cheques dixitalización COVID19)
- **Xunta de Galicia, Consellería de Política Social**, a través de **FADEMG** **Plena Inclusión Galicia: 9.524,39€**. Axudas 2021 para o incremento salarial do XV Convenio Colectivo de Centros de Atención a Persoas con Discapacidade.
- **Xunta de Galicia, Consellería de Política Social**, a través de **FADEMG** **Plena Inclusión Galicia:** axudas destinadas a realizar **programas de interese**



xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % para 2021. **Concesión de 8.000€** para adquirir un vehículo adaptado para o transporte das persoas do Centro Ocupacional de AMIPA.

- **Corporacións Locais: Deputación da Coruña** para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais, **19.975,00€** e **Concellos de Padrón, 12.000€, Rois, 2.000€, e Dodro, 500€**, para mantemento de actividades.
- **Fundación La Caixa**, a través de oficina de Padrón: **4.900€, colaboración para inversións nunha carpa móbil, a executar en 2022.**

6. COORDINACIÓN E TRABALLO EN REDE CON OUTRAS ENTIDADES:

- Coa Administración Autonómica (Xunta de Galicia), Consellería de Política Social, na asignación de prazas públicas ocupacionais e na prestación do servizo do centro ocupacional.
- Co SERGAS, a través dos Centros de Saúde de Atención Primaria dos domicilios das persoas que reciben o servizo. Houbo unha especial coordinación co Centro de Saúde de Rois, para actuación do protocolo COVID19.
- Coa Deputación da Coruña.
- Comunicación e coordinación coas e cos profesionais dos Servizos Sociais de Atención Primaria dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Brión e Teo e con outros departamentos cos que desenvolvemos distintos programas e actividades.
- Co centro educativo da Consellería de Educación, IES Félix Muriel (Rianxo) e coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón para a realización de proxectos en comunidade compartidos.
- Colaboramos con outras organizacións que traballan para as persoas con discapacidade intelectual dende diferentes estruturas: Plena Inclusión España, Fademga Plena Inclusión Galicia, Special Olympics Galicia, IN-RED Asociación Empresarial Galega de Entidades da Discapacidade, Asociación BATA e a Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG).
- Con entidades de iniciativa social da Comarca do Sar: Fundación Rosalía de Castro, Asociación Andaina Pro-Saúde Mental, asociacións de veciñas e veciños de Rois...



- Coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común “Balouta e Fontecova” do Concello de Dodro.
- Entidade colaboradora de proxectos da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT)

7. SERVICIOS, PROGRAMAS E ACTIVIDADES REALIZADAS AO LONGO DO ANO 2021

7.1. Xestión administrativa e coordinación técnica

Co apoio do programa de xestión dende 2020: Ontimize +Integra, que permite almacenamento centralizado e consolidado de información, coa máxima seguridade e un rexistro histórico, para a xestión eficiente da mesma, así como unha mellora na prestación do servizo.

Dende o último cuatrimestre de 2021 contamos cunha coordinación técnica que supuxo un primeiro paso para iniciar un proceso de calidade na organización, unha redistribución de tarefas vinculadas aos postos de traballo que tivera en conta as potencialidades e roles profesionais preferentes. Así mesmo, supuxo un avance na coordinación do persoal de atención directa na prestación do servizo

Consideramos que esta área ten que ser desenvolta nun futuro, creando un posto de administración diferente da dirección-xerencia e da coordinación.

7.2. Formación ocupacional das persoas con discapacidade intelectual

- Montaxe de accesorios e complementos de aluminio coa empresa STAC S.L. de Padrón.
- Confección de patróns para unha das máquinas da cadea de produción, coa empresa Nestlé S.A. de Pontecesures.
- Agricultura ecolóxica (na horta da Reitoral de Sorribas).
- Obradoiro de artesanía.
- Montaxe de packaging: caixas, embolsado e etiquetado, durante a tempada de Nadal, para a Panificadora San José.



7.3. Programas Individualizados

- Plans de Atención Individualizada (PAI) Cada persoa participa na elaboración dos seus obxectivos, tamén planifica unha día especial polo seu aniversario. As persoas asumen responsabilidades e tarefas no centro ocupacional segundo os seus intereses recollidos no seu PAI
- Actividades de sensibilización e actividades sobre medidas de protección e prevención da COVID19
- Programa de Terapia ocupacional
- Habilidades da vida diaria
- Creatividade e pintura
- Valores e dereitos
- Novas e actualidade
- Habilidades comunicativas
- Alfabetización dixital/novas tecnoloxías
- Cociña
- Manexo do diñeiro
- Orientación á realidade
- Preparación de días “D” (a destacar) e festas
- Relaxación
- Actividades de ocio no centro e na comunidade (saídas significativas en entornas naturais e establecementos hostaleiros da entorna próxima)
- Actividades físicas e deportivas no centro e no entorno próximo.
- Programa de apoio emocional (que desenvolveu unha psicóloga especialista en intervención con persoas con discapacidade intelectual)
- Apoio domiciliario mensual (1 persoa), apoio telemático semanal (1 persoa): que non reactivaron a súa reincorporación ao centro ata setembro de 2021)

7.3.1. Actividades de apertura do centro ocupacional e participación comunitaria

- Participamos no proxecto “**Libros Viaxeiros**”, proxecto innovador de inclusión social a través da cultura, organizado pola Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de



Padrón, no que persoas con e sen discapacidade manteñen encontros mensuais para compartir comentarios sobre obras en lectura fácil, de maneira virtual e presencial en entornas naturais e ao aire libre, por adaptación á situación COVID.

- Entidade colaboradora de proxectos da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), vinculado ao programa Efervesciencia da RTVG, dende hai 10 anos. Participamos nun **Obradoiro Virtual de Radio, Ciencia e escoita Fácil** con alumnado do IV Ciclo da USC, que producirán pezas de radio de “escoita fácil”, validado previamente por un grupo de persoas de AMIPA e nun Obradoiro para ver un eclipse parcial de sol no centro ocupacional (o 10 xuño).
- Proxectos con centros educativos:
 - ✓ Co IES Félix Muriel (Rianxo) e IES chan do Monte (Marín) co proxecto **DiversidApp** para desenvolver una APP móbil de xestión da autonomía persoal de persoas con discapacidade. Participación no testeado, avaliación e presentación da APP.
E 3 persoas participan na presentación pública desta aplicación celebrada o 13/05/2021 no IES Félix Muriel en Rianxo.
 - ✓ Co IES Camilo José Cela (Padrón) **“Faladoiros de sensibilización sobre as realidades compartidas de persoas adultas con e sen discapacidade intelectual”**, con alumnado da materia de Psicoloxía de 2º de bacharelato. Curso 2021-2022. No primeiro faladoiro, desenvolto en decembro de 2021, participan un total de 21 persoas con e sen discapacidade.
- Apoio a 1 persoa para participación online no proxecto para a vida independente na Asociación BATA de Vilagarcía, co obxecto de desenvolver o seu Plan Persoal
- Participación na Campaña “Mobilízate pola selva” do Instituto Jane Goodall, a través da Oficina municipal de Voluntariado do Concello de Padrón coa recollida de teléfonos móbiles para reciclar.
- Colaboración co Concello de Rois para a realización dunha actividade de “Autocine” na horta do Centro Ocupacional AMIPA. 26 de marzo de 2021.
- 8 persoas participan nun obradoiro de cociña con persoas maiores do Centro de Día de Rois, con motivo do seu 11º aniversario e, mulleres da Asociación de Amas de Casa de Urdilde (Rois)



- 6 persoas e 1 familiar participan nun tramo do Camiño de Santiago (Monte do Gozo - Praza Obradoiro), xunto con Ategal, Asanog e Amicos, en Ultreia, unha iniciativa de Voluntariado Caixabank Galicia. Outubro de 2021
- 8 persoas participan na Obra de Teatro "Saboorrr", oferta cultural do Festival Brión Incluíe, organizado por Culturactiva en colaboración co Concello de Brión, xunto con outras entidades. Decembro de 2021.
- 4 persoas participan na Inauguración dunha nova tenda da Panificadora San José, en Rois. As persoas poden ver á venda o traballo de etiquetado e montaxe de produtos de Nadal realizados por elas, ademais de compartir conversas e petiscos co persoal da panadería e veciñanza. Decembro de 2021

Formación persoas con discapacidade:

- 4 mulleres con discapacidade participaron nun seminario webminar "Mulleres con e sen discapacidade Coidadoras" organizado polo CERMI Galicia. 4 de Marzo 2021.

7.4. Outras actividades

7.4.1. Celebración de festas no centro ocupacional:

- Marzo 2021: Celebración do Entroido
- Maio 2021: 24º Aniversario da entidade
- Xuño 2021: Festa do San Xoán
- Xullo 2021: Festa do verán
- Outubro 2021: Celebración Samaín e Magosto
- Decembro 2021: Xantar de Nadal, nas instalacións cedidas pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común "Balouta e Fontecova".

7.4.2. Celebración de Días "D" (días destacables) no centro ocupacional:

- Día de Rosalía de Castro (24 febreiro)
- Día da muller, 8 de Marzo: reivindicación das mulleres con discapacidade da entidade, mostrando unha aportación valiosa no entorno próximo e, posterior difusión nas redes sociais.



Tamén, 1 muller de Amipa participou conmemorando este día, nun acto organizado polo Concello de Rois, coa edición do libro “Aloitadoras”. Esta muller foi unha das 31 mulleres traballadoras homenaxeadas pola súa historia de vida. Ademais, compartimos a campaña da Área de Igualdade da Deputación de A Coruña en conmemoración do día Internacional da Muller.

- Día Mundial do Libro: 23 de abril.
- Día da Non Violencia de Xénero, 25 novembro. A través dunha dinámica poñemos nome a situacións, crenzas, prexuízos ... manifestados en frases cotiás e aquelas que contribúen a erradicar a violencia. Ademais, súmanos á campaña “En Negro contra as Violencias”.
- Día Mundial das Persoas con Discapacidade, 3 decembro, cunha exposición fotográfica sobre gustos, responsabilidades, desexos e roles ... das persoas con discapacidade e unha dinámica que deixa ver que tanto persoas con ou sen discapacidade, temos moitas cousas en común e reflexionamos sobre a diversidade. Ademais, súmanos á campaña das redes sociais “Baixo o mesmo paraugas”

7.4.3. Tamén nos súmanos a outros días a destacar mediante a difusión en redes sociais:

Día da internet segura (9 febreiro), Día Europeo da Protección de datos (28 xaneiro), Día Internacional das Apertas (21 xaneiro), Día Mundial do Autismo (2 abril), Día Internacional do Deporte (6 abril), Día Mundial da Saúde (7 abril), Día Mundial da Arte (15 abril), Día internacional da Creatividade (21 abril), Día Internacional da Nai Terra (22 abril), Día Internacional do traballo (1 maio), Día das Letras Galegas (17 maio), Día internacional de acción pola saúde das mulleres (28 maio), Día mundial do Medio Ambiente (5 xuño), Día Nacional da Lingua de Signo Española (14 xuño), Día da Diversidade Sexual (28 xuño) compartindo a campaña da Deputación da Coruña, Día Internacional da Amizade (30 xullo), Día Mundial contra o Cancro de Mama (19 outubro), Día do Dano Cerebral (26 outubro), Día Internacional das Persoas Coidadoras (5 novembro)

8. Participación noutros proxectos

- Participación no proxecto “Mi Comunidad” de Plena Inclusión España
- Participación na Rede de Ocio Inclusivo Galicia (ROIG), de maneira virtual



9. Servizos complementarios:

- Servizo de comedor propio.
- Servizo de transporte: nos concellos da Comarca do Sar, Brión e Teo.
- Orientación e apoio ás familias.
- Lecer e tempo libre: planificación das actividades de ocio: quedadas e vacacións.

Servizos externos, prestados nas instalacións do centro ocupacional:

- Actividade de “Música á carta”
- Servizo psicolóxico externo

Rois, 29 de marzo de 2022